

MATERIAIS DE TRABALLO ACI 3º DA ESO
SEMANA 27-30 DE ABRIL

ALUMNO: ADRIÁN GONZÁLEZ CASTRO

Le atentamente o texto e busca no dicionario as palabras que non comprendas.

- Se non tes dicionario na casa podes empregar os seguintes dicionarios en rede:

<https://academia.gal/dicionario>

<https://digalego.xunta.gal/>

COMO VER UN TROLL (E NON MORRER NO INTENTO)



Oístes falar algunha vez dos trolls? Segundo as lendas populares, trátase dunhas criaturas enormes e peludas, que teñen moita forza e moi pouca intelixencia, e viven nos bosques do norte de Europa, concretamente en Noruega, Suecia e Finlandia.

Moita xente pensa que son seres de mentira. Pero, se visitades algún destes países e lles preguntades aos habitantes das aldeas próximas ás zonas onde viven, seguro que ides atopar alguén que vise un ou máis trolls durante algún paseo nocturno polos bosques dos arredores.

Agora ben, se o que queredes é ir aos bosques escandinavos para comprobar cos vosos propios ollos a existencia destas increíbles criaturas, seguides ao pé da letra as seguintes instrucións. Só así conseguiredes velos sen poñervos en perigo.

1. Primeiro, cómpre que preparedes unha bolsiña cunha boa morea de moedas e obxectos canto máis brillantes mellor. Estes obxectos brillantes serviranvos de **engado** para sacar os trolls do lugar onde se atopen. É que se hai algo que realmente volva tolos aos trolls son os tesouros. Segundo din, as súas covas están cheas de ouro e de pedras preciosas que foron acumulando ao longo do tempo. Pero os trolls non teñen nunca dabondo e, se ven brillar algunha cousa no medio da escuridade, seguro que se achegan para comprobaren se se trata dun novo tesouro.
2. Despois, envorcalládevos no lixo e na sucidade ata que deades un cheiro canto máis repugnante mellor. Si, xa sei que dá un pouco de **fastío**, pero é a única maneira de evitar que un troll vos detecte. Os trolls teñen un sentido do olfacto moi fino e desenvolto e son capaces de ulir a centenas de metros de distancia a presenza dun humano. Pero se dades o mesmo cheiro ca eles, confundiranse e estaredes fóra de perigo.
3. A continuación, abrigádevos todo o que poidades utilizando, sobre todo, roupa con moito pelo. Deste xeito conseguiredes, por unha banda, protexervos do frío (tede en conta que nestes países as temperaturas ás veces non superan os cero graos) e, por outra, pasar desapercibidos aos ollos dos trolls. É que estas criaturas extraordinarias, como viven en covas moi escuras, son capaces de ver no medio da negrura máis absoluta e descubriríanvos nun santiamén. Pero camuflados entre tanto pelo, pensarán que sodes un dos seus e deixaranvos tranquilos.
4. Cando chegedes ao bosque, deixade a bolsiña cos obxectos brillantes preto dalgunha das covas onde vos digan que se viron trolls e agachádevos entre as matogueiras ou nas rochas dos arredores. Agora só cumprirá esperar a que os trolls se decidan a saír das súas covas para tomar baños de lúa, que é outra das súas actividades preferidas, e descubran o tesouro que lles levastes. Deste xeito, cun chisco de sorte, poderédelos contemplar desde moi preto sen correr risco ningún.
5. Non obstante, se a pesar de todas as precaucións, vos descobre algún troll mentres o observades, tedes dúas alternativas para poder saír do encontro con vida: ou espantalo facendo a **carantoña** máis horrorosa que poidades (os trolls consideran que somos uns seres horribles e non soportan vernos demasiado preto) ou correr máis rápido ca el ata que se faga de día, xa que se un raio de sol o toca, converterao en pedra e farao estalar.

Así que xa o sabedes, amigos: se vos animades a ver trolls, facédeo, pero con moito coidado. Non sexa cousa de que acabedes sendo o prato principal dun dos seus noxentos banquetes...

engado: comida que se emprega para atraer os peixes e os animais na pesca e na caza.

fastío: sensación desagradable que nos provoca unha cousa que non queremos ver nin tocar porque é fea, sucia, etc.

carantoña: cara fea.



Sinal que advirte da presenza de trolls en Noruega.

COMPRENDO O TEXTO

TEXTOS INSTRUTIVOS

-Hai textos en que se explica como se deben facer as cousas para obter un resultado determinado, é dicir, **danse instrucións**.

-Nestes textos adóitanse utilizar verbos en segunda persoa, singular ou plural, do ***imperativo*** ou ben ***perífrases de obriga*** como haber que + infinitivo, cómpre + infinitivo, cómpre que..., etc.

1. Xustifica con exemplos do texto estas características dos textos instrutivos.
 - Sinálase a orde en que hai que facer as cousas.
 - Úsanse verbos en imperativo ou perífrases de obriga.
2. Completa unha ficha coma esta sobre os trolls con datos da lectura

NOME:

Lugar onde habitan:

Aspecto físico:

Sentidos máis destacados:

Gustos:

3. Clasifica as seguintes accións. Que obxectivo teñen?

- A. Abrigarse con roupa que teña moito pelo.
- B. Poñer obxectos brillantes preto da cova dos trolls.
- C. Envorcallarse no lixo e na sucidade.

ATRAER OS TROLLS ► _____

PROTEXERSE DOS TROLLS ► _____

4. Explica que podes facer se te descobre un troll e que se consegue con cada acción.

TRABALLO EXPRESIÓNS DO TEXTO

5. Substitúe cada palabra ou expresión destacada pola equivalente.

- Os trolls son seres **de mentira**.
fantásticos mentireiros
- As cousas brillantes **vólvenos tolos**.
enférmanos encántanlles
- Teñen un olfacto moi **fino**.
preciso delicado

6. Escribe unha oración coa expresión *nun santiamén*.

EXPLICO E INTERPRETO

7. Elixo tres adxectivos que describan os trolls e xustifíco con exemplos do texto.

espelidos avariciosos brutos parvos envexosos valentes

8. Reflexiona e responde.

- Cres que os trolls son seres reais ou fantásticos?
- Por que terán que dicir os habitantes da contorna que os viron?

APRENDO A FACER COMENTARIOS

9. Escribe un texto breve que responda estas preguntas.

- Que tipo de texto é a lectura da unidade?
- En que persoa están a maioría de verbos? De que modo: indicativo ou imperativo?